

UNS PEQUENOS CONSELLOS

1. **INFÓRMATE** das normas e itinerarios do Parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo así como o estado das mareas. Se tes dúbidas, pregunta no teléfono do Parque (881 86 76 45), no Centro de Visitantes do Vilar ou na web Galicia Natural e Única.
2. **EQUÍPATE.** Leva roupa e calzado axeitado e realiza actividades acordes ás túas capacidades. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias e o 091 o da Policía Nacional.
3. **MÓVETE** unicamente polas rutas e sendeiros de uso público (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf). Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do Parque e tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
4. **VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA.** Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada cuncha, planta, grao de area... ten a súa función no ecosistema.
5. **DEIXA O TEU COCHE** nos aparcadoiros habilitados, situados en: Olveira, O Vilar ou no Centro de Visitantes (para este aparcadoiro precísase autorización previa).
6. **RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA.** Na zona de uso limitado do Parque (lagoas e zonas de dunas) así como na praia, o acceso con mascotas non está permitido xa que supoñen unha importante alteración ás especies que alí habitan. No resto do Parque pódese acceder con mascotas polos sendeiros habilitados sempre que estean suxeitas con correa.
7. **GOZA DO DEPORTE.** Permítese a realización de surf e paddle surf de xeito individual. Para a práctica do windsurf, permítese o acceso a pé dos windsurfistas na zona da Ladeira, no límite norte do Parque Natural, coas velas previamente aparelhadas no exterior do parque. Se vés en bicicleta ou a cabalo consulta as rutas que podes seguir. (https://galicianaturaleunica.xunta.gal/sites/default/files/mapas/plano_corrubedo_web_gl.pdf). Se realizas algunha actividade en grupo organizado, será precisa autorización previa.
8. **CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camiña sen présa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental gratuítas ofertadas polo Parque.
9. **RESPECTA A POBOACIÓN LOCAL E CONSUME LOCALMENTE.** Hai xente que vive neste Parque; valora os seus usos e costumes. Evita obstruír camiños ou accesos a vivendas e non entres en terreos particulares. Facendo uso de tendas, bares e restaurantes da contorna do Parque axudas á economía local.
10. **COLABORA** coa conservación e xestión do Parque Natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Axúdanos a mellorar coas túas achegas ao Centro de Recepción de Visitantes ou a través do correo electrónico parque.natural.corrubedo@xunta.gal.



Unión Europea

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL

"Unha maneira de facer Europa"



PARQUE NATURAL
COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO
E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Máis información en:
cmatv.xunta.gal




Centro de visitantes
Lugar do Vilar, Carreira
15960 Ribeira (A Coruña)
(+34) 981 878 532

RUTAS ORNITOLÓXICAS



Ruta Dunas, marisma de Carregal, Río do Mar e praia da Ladeira

Parque Natural Complexo dunar de
Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán



Pilro común (*Calidris alpina*)



XUNTA
DE GALICIA

O Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, situado ao suroeste da península do Barbanza, entre as rías de Arousa e Muros-Noia, pertence ao termo municipal de Ribeira, na provincia da Coruña e ocupa unha extensión de 996,25 ha. O parque natural ten numerosos hábitats considerados prioritarios para a conservación pola Directiva Hábitats como os cantís mariños con vexetación das costas atlánticas, os matos secos europeos, os matos húmidos atlánticos ou as herbeiras húmidas de herbas altas entre outros.



A riqueza e o valor deste enclave natural ven dada pola variedade de hábitats que se atopan nos seus límites: o mar, a praia, as dunas fixas e móbiles, a marisma, as lagoas de auga doce e salgada, os campos, as sebes e o bosque. Todo o conxunto, de enorme fragilidade, acolle numerosas especies vexetais e animais especializadas segundo as condicións do medio que as rodea, moitas delas endémicas, escasas ou ameazadas.

Ademais O Parque Natural está declarado como Zona de especial protección para as aves (ZEPA) Complexo litoral de Corrubedo xa que acolle especies de aves que deben ser obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat.

OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

No Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán concorren ademais as seguintes figuras de protección:

- Humidal de importancia internacional-Ramsar.
- Zona de especial protección para as aves (ZEPA) Complexo litoral de Corrubedo
- Zona de especial conservación - ZEC (Rede Natura 2000) Complexo húmido de Corrubedo
- Humedal protexido de Galicia

UN PARQUE NATURAL EXCEPCIONAL PARA A OBSERVACIÓN DE AVES

As poboacións de aves son no Parque natural de Corrubedo, en xeral, discretas en canto a cantidade pero destacan pola súa elevada diversidade, albergando regularmente especies sedentarias, en paso migratorio e tamén divagantes, raras ou de distribución moi localizada no territorio galego. Ata o ano 2006 téñense observado máis de 200 especies de aves. Unhas 53 especies de interese para a súa conservación, incluíndo varias que figuran no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Debido á gran cantidade de hábitats presentes podemos observar ao longo de todo o ano diferentes especies adaptadas a cada un destes medios.

A enseada da Abra de Corrubedo acolle no inverno aves mariñas como a **mobella grande** (*Gavia immer*) e os **pentumeiros** (*Melanitta nigra*). Tamén cos temporais se achegan á costa os **mascatos** (*Sula bassana*) e os máis escasos **pañños do mal tempo** (*Hydrobates pelagicus*), a **pardela cincenta** (*Calonectris diomedea*) e o **carrán cristado** (*Thalasseus sandvicensis*), mentres nas rochas descansan os ameazados **corvos mariños cristados** (*Phalacrocorax aristotelis*) e diversas especies de gaivotas.

Nas Pedras das Pozas e na praia do Vilar podemos observar todo o ano aves especialistas como a **gabita** (*Haematopus ostralegus*) e o **virapedras** (*Arenaria interpres*), o invernante **pilro tridáctilo** (*Calidris alba*) e cría na primavera a **píllara das dunas** (*Charadrius alexandrinus*).




Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*)

A lagoa de Carregal é ocupada especialmente nos meses invernais por limícolas como o **mazarico real** (*Numenius arquata*) e o **mazarico chiador** (*Numenius phaeopus*), o **bilurico pativerde** (*Tringa nebularia*) ou a máis esquiua **becacina** (*Gallinago gallinago*). Ademais de acoller moderadas cantidades de anátidas, principalmente de **cerceta** (*Anas*

crecca), **pato cincento** (*Mareca strepera*), **cullerete** (*Spatula clypeata*) e **pato cristado** (*Aythya fuligula*).

A lagoa de Vixán dá acubillo a especies nidificantes como a **fulepa dos carizos** (*Acrocephalus scirpaceus*), a **galiña de río** (*Gallinula chloropus*), o **lavanco** (*Anas platyrhynchos*) ou o **mergullón pequeno** (*Tachybaptus ruficollis*) e outras invernantes pouco frecuentes en Galicia, como a **garza pequena** (*Ixobrychus minutus*), a **tartaraña das xunqueiras** (*Circus aeruginosus*), a **fulepa grande** (*Acrocephalus arundinaceus*) e un raro endemismo como a **escribenta das canaveiras iberoccidental** (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), considerada en perigo crítico de extinción.



Mergullón pequeno (*Tachybaptus ruficollis*)

No piñeiral son frecuentes especies forestais residentes como o **peto real** (*Dendrocopus major*) ou o **gabeador común** (*Certhia brachydactyla*) e outras de paso ou estivais como o **cuco** (*Cuculus canorus*). Entre leiras e matogadeiras rebulden pequenos paxariños, como a **laverca** (*Alauda arvensis*), a **papuxa das amoras** (*Sylvia atricapilla*) ou o **chasco común** (*Saxicola rubicola*) aos que se lle xuntan na primavera a **bubela** (*Upupa epops*) e a **rula común** (*Streptopelia turtur*).

Nos espazos entre dunas e pasteiros abertos veremos a nocturna **avenoiteira cincenta** (*Caprimulgus europaeus*) e tamén cazan aves de rapina como o invernante **esmerillón** (*Falco columbarius*) ou o común **lagarteiro** (*Falco tinnunculus*). No paso migratorio e na invernada a **píldora dourada europea** (*Pluvialis apricaria*) ten na zona un dos principais núcleos de descanso, así como destacar aves rapaces pouco comúns como a **gatafornela** (*Circus cyaneus*) ou a **curuxa das xunqueiras** (*Asio flammeus*) que buscan ás súas presas entre a marisma e as dunas.

Destacan ademais as poboacións nidificantes de dúas especies de limícolas ameazadas en Galicia: o **alcaraván** (*Burhinus oedicephalus*) cunhas poucas parellas reprodutoras e a **píllara das dunas** (*Charadrius alexandrinus*) que ten no parque natural unha das máis interesantes poboacións reprodutoras de Galicia.



Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*)
Esta ameazada ave destaca pola súa plumaxe verdosa moi escura e a característica crista na época de cría. Gran mergullador, pousase sobre as pedras para secar a plumaxe estendendo as súas ás. Os núcleos de cría próximos permiten a súa observación todo o ano sobre as rochas e illotes fronte á praia do Vilar.



Gabita (*Haematopus ostralegus*)
Limícola invernante común na costa galega, frecuenta as zonas intermareais areosas e con rochas buscando moluscos de cuncha que abre co seu forte peteiro. No parque natural presente sobre todo no outono e inverno, na praia e na contorna do Río do Mar.



Píllara dourada (*Pluvialis apricaria*)
Plumaxe de cor parda con manchas amarelo verdosas nas costas que lle dan aspecto "dourado". Ave invernante que forma bandos nos cordóns dunares vexetados. Nos anos fríos achéganse gran número de individuos, sendo Corrubedo un dos puntos de invernada máis importantes de Galicia.



Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*)
Pequena limícola coas patas e peteiro negros que se encontra ameazada en Galicia. Habitualmente vese nas praias e dunas onde cría e se alimenta. É unha das xoias do parque natural que acolle unha das poboacións reprodutoras que ten en Galicia.





Alcaraván (*Burhinus oedinenus*)
Ave ameazada en Galicia, de actividade crepuscular que vive en medios abertos. Cando está parado ou agochado é moi difícil de ver. Vive aquí todo o ano aínda que no inverno chegan novos individuos do Norte, pero ademais este parque natural acolle a única poboación costeira nidificante de Galicia.

Carrán cristado (*Thalasseus sandvicensis*)
Ave mariña de tamaño mediano, grande voadora, chegando a percorrer longas distancias. Pesca lanzándose en picado. É común no noso litoral nos seus pasos migratorios e no inverno. Adoita verse na franxa costeira, nas canles da marisma de Carregal e na desembocadura do Río do Mar, ás veces pousado na area.



Laverca (*Alauda arvensis*)
Pequena ave moi difícil de ver cando está pousada. En voo ascendente mentres canta, subindo a grande altura para logo deixarse caer lentamente. Está presente todo o ano en terreos con matogueiras e pasteiros, aínda que tamén nas dunas grises.

Mazarico real (*Numenius arquata*)
A maior limícola europea, co peteiro moi longo e curvado cara abaixo, aínda maior nas femias e de plumaxe xeral parda agrisada. No parque natural vese sobre todo na invernada (de outubro e febreiro) alimentándose nas zonas areosas ou lamacentas e descansando no cordón dunar, na praia ou na marisma de Carregal.



Garzota común (*Egretta garzetta*)
Pequena e elegante garza branca, ten peteiro negro estreito e longo, patas negras con pés amarelos. Ás veces cun penacho de plumas na cabeza. En Corrubedo é unha invernante común, observándose na marisma e desembocadura da lagoa de Carregal, no Río do Mar, e na lagoa de Vixán.

LAGOA E MARISMA DE CARREGAL

Avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*)
De cor gris cincenta, imita ás follas e cortizas secas das árbores. Voa dando xiros e grandes aleteos, á noite en espazos abertos para capturar insectos coa súa gran boca. Ten un canto moi singular, que adoita escoitarse de noite. Pasa o verán entre nós chegando nos meses de marzo ou abril.



Ruta ornitolóxica: Dunas, marisma de Carregal, Río do Mar e praia da Ladeira

Esta ruta ornitolóxica discorre polo "Camiño do río do mar" un cómodo sendeiro que nos leva en 20 minutos ata o río do Mar. Unha vez alí podemos observar toda a marisma e a chaira intermareal. Despois podemos achegarnos ata praia, onde podemos espreitar a zona rochosa de Pedrecelos e a Pedra da Ferreira. De regreso polo mesmo camiño ata o aparcadoiro das dunas, podemos visitar a base da duna móbil seguindo o "Camiño do vento" o que nos levará 15 minutos por unha pasarela de madeira.

Época recomendada: todo o ano, sendo xuño, xullo e principios de agosto a época menos variada para as aves acuáticas e mariñas.